



1. CONVOCATORIA DE XUNTA XERAL (2ª/2016)

De acordo co establecido nos artigos 88 e 91 do Estatuto do Colexio de Avogados de Santiago de Compostela e no artigo 58 do Estatuto xeral da avogacía española, a Xunta de Goberno, na sesión que tivo lugar o 25.10.2016, tomou o acordo de convocar a xunta xeral ordinaria (segunda do ano 2016) para o día **20 de decembro, ás 20.00 h**, conforme á seguinte:

ORDE DO DÍA

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da última xunta xeral
2. Exame e votación do orzamento para o exercicio 2017
3. Rogos e preguntas

2. ACORDO: APROBACIÓN DO ORZAMENTO PARA 2017 E BAIXADA DE COTAS COLEXIAIS

A Xunta de Goberno, na sesión do pasado 25.10.2016, aprobou o proxecto de orzamento presentado pola tesourería e a secretaría técnica deste colexio para o ano 2017. O orzamento, que acada un importe de 805.760 euros, será presentado á Xunta Xeral para a súa aprobación definitiva, se procede, na sesión do 20.12.2016.

O máis destacable neste orzamento é o seguinte:

1. Baixada das cotas colexiais

Debido á boa xestión económica dos últimos anos, aprobouse unha baixada das cotas para os colexiados exercentes residentes, de 40 euros anuais (un 10 % aproximadamente), polo que as cotas colexiais trimestrais para ano 2017 serán as seguintes:

- Exercentes residentes: 109,20 € por trimestre (máis censo de letrados do CXAE)
- Non exercentes: 43,12 por trimestre (máis censo de letrados do CXAE)

2. Cursos de formación gratuítos

Séguese mantendo a partida correspondente á formación, polo que este colexio seguirá a organizar os cursos necesarios de formación continua dos seus colexiados. Esta formación continuará sendo gratuíta para os nosos colexiados, a excepción daqueles cursos en que pola súa especialización e elevado custo se puidese incluír algunha matrícula.

3. Subvención da póliza de responsabilidade civil

Seguirase subvencionando a póliza de responsabilidade civil cunha cantidade de 30.000 euros.

4. Bases de datos en liña na páxina web

Seguiranse mantendo as dúas bases de datos de xurisprudencia na páxina web do colexio (La Ley e Tirant Lo Blanch), o que supón un desembolso para este colexio de 26.000 euros anuais.